# OBARCOCULTURAL xaneiro08



MANOLO CARAMÉS

## CINE




dom. 6, luns 7
[17 e 19]
*Versión en galego*




sab.12 e dom.13
[17 - 20 e 22:30]
luns 14
[20 e 22:30]




ven.18 [20 e 22.30],
sáb.19 [17, 20, 22.30],
dom.20 [17 e 20],
luns 21 [18]




sáb.26 [17 e 20],
dom.27 [17 e 20],
luns [18]

## CINECLUB

GROUCHO MARX




xoves 10
[20:30 e 22:30]




xoves 17
[20:30 e 22:30]




xoves 24
[20:30 e 22:30]




xoves 31
[20:30 e 22:30]

Teatro Lauro Olmo

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura

IGAEM instituto galego das artes escénicas e musicais

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




## venres 11 xaneiro. 21.00 h

# Rebeldías Posibles. Cuarta Pared




**Autores:** Luis García-Araus, Javier G. Yagüe
**Intérpretes:** María Antón, Frantxa Arraiza,
José Melchor, Javier Pérez-Acebrón, Asu Rivero, José Sánchez.

"Rebeldías posibles" é unha fábula que conta a historia dun home que decide reclamar a unha empresa de servizos a devolución duns céntimos por estar en desacordo co criterio aplicado nas tarifas.
Diante do desinterese da empresa por responder á súa reclamación, decide chegar ata o final. As queixas, denuncias, reclamacións, recursos e apelacións lévanlle tempo e diñeiro. A súa muller entende o xesto, pero considérao insignificante. En realidade, todo o mundo aplaude o xesto, pero rise da causa. A partir de aí, a súa vida deslízase por unha pendente de final imprevisíbel.





A COMPAÑÍA
Cuarta Pared segue explorando o mundo no que vivimos, intentando ser voceira das preguntas e preocupacións daqueles que nos arrodean utilizando os recursos do teatro. Un teatro que quere ser unha experiencia única e sorprendente compartida co público, e que, máis alá da palabra, aproveita todos os medios que a arte escénica pon ao seu alcance. Isto levoulle a elaborar as súas propias dramaturxias, en colaboración con escritores cuxa curiosidade creativa non se esgota en logros convencionais nin atopa fácil satisfacción. Cuarta Pared produciu recentemente Café (2005-06) e a súa celebrada Triloxía da mocidade (1999-2004). Entre os premios que recentemente avalaron o traballo da compañía, salientan o premio O Ollo Crítico de teatro no 1999 e tres premios MAX (ao mellor produtor privado de artes escénicas e ao mellor espectáculo infantil, no 2000, e ao mellor texto en castelán no 2002).

---

## venres 25 xaneiro. 20.00 h

# Lazarillo. Caramuxo Teatro

**Adaptación e dirección:** Juan Rodríguez.
**Elenco:** Xosé Manuel Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola.
**Duracion:** 50 minutos aproximadamente.
**Público preferente:** familiar (a partir de 5 anos).



*Caramuxo teatro* plantexanos unha adaptación do libro de Lazarillo de Tormes nunha montaxe con tres actores, en clave de comedia e nun novo formato.
A maior parte das peripecias que ocorren no Lazarillo son folclóricas (de tradición popular), o noso espectáculo quere aportar unha nova visión do clásico dende a tradición e cultura galega, "galeguizando" a novela e acercándoa máis a nosa realidade, algo que se ve reflexado nas expresións, nas partes musicais e mesmo nos costumes gastronómicos. Cambios que, seguindo fieis ó orixinal, intentan facer a novela máis cercana ós nosos xoves.
Dous anos despois da estrea do primeiro Lazarillo da compañía recuperamos este texto para darlle outra volta de parafuso, acercala a un público máis familiar e conseguir unha proposta máis completa, vistosa e interesante dende o punto de vista educativo.
Unha historia de fame e supervivencia que de seguro divertirá ós máis pequenos da casa.